

BASES DA CONVOCATORIA SELECTIVA PARA CUBRIR POR SISTEMA DE CONCURSO E MEDIANTE CONTRATO DE DURACIÓN DETERMINADA, MODALIDADE: OBRA OU SERVIZO, UN (1) POSTO DE TRABALLO DE TÉCNICO EN SOFTWARE LIBRE (Ref: Tec-4-SL-08)

A S.A.X. Centro de Supercomputación de Galicia é unha institución de carácter público, dependente da Consellería de Innovación e Industria. En cumprimento da Lei 10/1996 de 5 de novembro, de actuación de entes e empresas nas que ten participación maioritaria a Xunta de Galicia, en materia de persoal e contratación, se acorda a seguinte convocatoria de selección de persoal.

1. Obxecto da convocatoria:

O posto de traballo é requirido para a realización do proxecto mancomun.org- Iniciativa galega polo Software Libre que comezou no ano 2005 e rematará, aproximadamente, en decembro de 2009.

A SAX CESGA precisa cubrir con carácter temporal 1 posto como persoal de soporte técnico ao proxecto mancomun.org, coa seguinte denominación:

TÉCNICO EN SOFTWARE LIBRE (Ref: MANCOMUN08-Tec-4-SL)

As funcións para este posto serán:

- Participar en tarefas de desenvolvemento e mantemento da Forxa de Mancomun.org.
- Colaboración en actividades de difusión do Software Libre incluíndo labores de dinamización da Forxa.
- Velar polo cumprimento das accións correspondentes en custo, tempo e forma, coa calidade debida.

2. Réxime xurídico da contratación:

O contrato revestirá a modalidade de contrato de obra ou servizo, conforme ao establecido no artigo 15.1 A) do Estatuto dos Traballadores e ao artigo 7 da Lei 10/1996, de 5 de novembro, de actuación de entes e empresas nas que teñen participación maioritaria a Xunta de Galicia, en materia de persoal e contratación.

3. Duración.

A contratación obxecto da presente convocatoria efectuarase con carácter temporal limitada á duración dos traballos, para os que se contrata ao traballador no proxecto indicado no punto 1 das bases. O periodo aproximado de duración do proxecto é ata o 31 de decembro de 2009, en función da dispoñibilidade de financiamento.

4. Requisitos:

- Ter nacionalidade dun país membro da Unión Europea, ou nacional dalgún Estado, que en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, séxalle de aplicación a libre circulación de traballadores.

Tamén poderán participar, calquera que sexa a súa nacionalidade o cónxuxe dos españois, dos nacionais dalgún dos demais estados membros da Unión Europea, cando así o prevexa o correspondente tratado, e dos nacionais dalgún Estado que, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, séxalle de aplicación a libre circulación de traballadores, sempre que non estean separados de dereito, así como os seus descendentes e os do seu cónxuxe, menores de vinte e un anos ou maiores da devandita idade que vivan ás súas expensas. Así mesmo, poderán participar os que, non estando incluídos nos parágrafos anteriores, atópanse en España en situación de legalidade, sendo titulares dun documento que os habilite a residir e a poder acceder sen limitacións ao mercado laboral. En consecuencia, poderán participar os que se atopen en situación de residencia temporal, os que se atopen en situación de residencia permanente, os que se atopen en situación para residir e traballar, así como os refuxiados.

- Ter cumpridos os 18 anos de idade e non ter alcanzada a idade de xubilación.
- Posuír e acreditar a *TITULACIÓN de Ciclo Formativo de grao superior en Administración de Sistemas Informáticos/Desenvolvemento de aplicacións, Enxeñeiro Técnico en Informática ou Enxeñeiro Informático* ou estar en condicións de obtelo dentro do prazo de presentación de solicitudes. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberán estar en posesión da credencial que xustifique a súa homologación na data de remate do prazo de presentación de solicitudes.
- Non padecer enfermidade ou defecto físico que impida desempeñar as funcións correspondentes á praza á que opte.
- Non estar separado do servizo de ningunha Administración pública en virtude de expediente disciplinario, nin atoparse inhabilitado por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas.
- Os nacionais dos demais estados membros da Unión Europea ou daqueles que teñan subscritos tratados referentes á libre circulación coa Unión Europea ratificados en España, haberán de acreditar de modo fidedigno non estar sometidos a sanción disciplinaria ou condena penal que impida no seu país o acceso á función pública.
- Coñecemento de inglés a nivel técnico, acreditado e/ou certificado segundo a táboa que figura no punto 2 do Anexo III ou outro tipo de acreditación/certificación equivalente atendendo á escala de Eurocentres. Os aspirantes que non estean en posesión de certificados que acrediten o coñecemento de inglés deberán realizar unha proba eliminatoria cuxa valoración será de apto ou non apto.
- Coñecemento da lingua galega (acreditado con copia comparada do título de perfeccionamento en lingua galega ou CELGA 4 ou dos estudos equivalentes homologados polo órgano competente en materia de política lingüística). Os aspirantes que non estean en posesión da devandita titulación deberán realizar unha proba eliminatoria cuxa valoración será de apto ou non apto.

5. Documentación a presentar obrigatoriamente:

Documentación a presentar:

- Solicitud dirixida ao Director-Xerente da SAX CESGA (ver Anexo I).
- Documento de méritos (ver Anexo IV) no que se fará constar a concorrencia dos requisitos esixidos e puntos valorados segundo as bases desta convocatoria.
- Currículo vitae (CV) do solicitante.
- Fotocopia simple da *TITULACIÓN* esixida no punto 4 ou, documento que acredite fidedignamente a posesión do correspondente título académico.

- Fotocopia simple do D.N.I. ou pasaporte.
- Fotocopia simple das xustificacións dos méritos alegados. A certificación de participación en proxectos farase ben presentando copia do contrato no que figure o proxecto ou por certificación de que figura como solicitante do proxecto expedida polo Ministerio, Universidade ou Administración Autonómica correspondente.
- Fotocopia simple do título de perfeccionamento en lingua galega, do certificado de CELGA 4 ou dos estudos equivalentes homologados polo órgano competente en materia de política lingüística, ou certificado da Fundación CESGA ou S.A.X. CESGA no que se acredite a obtención da cualificación de APTO na proba de galego en convocatorias anteriores (no caso de que a proba fora feita anteriormente na S.A.X. CESGA, non será necesario aportalo no momento da solicitude, sendo necesario unicamente a súa solicitude no formulario). Se non se presenta esta documentación, no caso de resultar seleccionado para a entrevista, deberá facer unha proba no momento que se indique no proceso de selección.
- Fotocopia simple dos títulos que posúe sobre coñecementos de inglés. Se non se presenta esta documentación, no caso de resultar seleccionado para a entrevista, deberá facer unha proba no momento que se indique no proceso de selección.

O aspirante seleccionado deberá presentar nas dependencias da SAX CESGA, no prazo de 10 días, previo á súa contratación os seguintes documentos:

- Fotocopia compulsada do D.N.I. ou pasaporte.
- Fotocopia compulsada do título esixido no punto 4 ou certificación académica que acredite ter realizados todos os estudos para a obtención do título ou, se é o caso, documento que acredite fidedignamente a posesión do correspondente título académico.
- Orixinal das xustificacións dos méritos alegados para a súa comparación.
- Copia comparada do título de perfeccionamento en lingua galega ou do CELGA 4, ou dos estudos equivalentes homologados polo órgano competente en materia de política lingüística no caso de que así se presentara no momento da solicitude.
- Copia comparada do título de inglés, no caso de que así se presentara no momento da solicitude.

6.Lugar e prazo de presentación de solicitudes:

- As solicitudes serán dirixidas ao director xerente da SAX CESGA e deberán presentarse no modelo normalizado, Anexo I da presente convocatoria.
- Presentaranse na Secretaría da SAX CESGA, ou remitiranse por correo certificado ás oficinas da SAX CESGA sitas na Avenida de Vigo, s/n (Campus Sur),15705 Santiago de Compostela ou por correo electrónico na dirección emprego@cesga.es Neste último caso, toda a documentación terá que vir anexada en formato PDF e só se considerarán válidas as recibidas no CESGA antes da data límite.
- O prazo de presentación será de 10 (dez) días naturais contados a partir do día seguinte da publicación da presente convocatoria en prensa.
- O enderezo que figure nas instancias considerárase como o único válido para os efectos de notificacións, sendo responsabilidade exclusiva do aspirante tanto un

erro na súa consignación como a comunicación á SAX CESGA de calquera cambio nel.

- Finalizado o prazo de presentación de solicitudes, a comisión de selección publicará as listas provisionais de admitidos e excluídos ao proceso de selección, con indicación da causa de exclusión, establecéndose un prazo de 5 días naturais para, a petición do interesado, reparar calquera erro que sexa subsanable, tras os cales se publicarán as listas definitivas de admitidos e excluídos.
- Todas as publicacións faranse no taboleiro de anuncios, no Edificio da SAX Cesga e na páxina web do Cesga www.cesga.es

7. Proceso de selección:

A selección, de conformidade co disposto no artigo 4 da Lei 10/1996, de 5 de novembro efectuarase por unha comisión designada ao efecto (Anexo II). O proceso de selección consistirá:

1. Nun concurso de méritos acreditados por cada candidato, ata unha puntuación máxima de 28 puntos e conforme ao BAREMO do Anexo III.
2. Finalizada a valoración dos méritos, a Comisión publicará no taboleiro de anuncios da S.A.X.CESGA e na páxina web da mesma www.cesga.es, un acordo coa listaxe da puntuación de todos os aspirantes. No comunicado sinalaranse aqueles candidatos seleccionados para acudir á entrevista persoal, indicando a data, hora e lugar da mesma. Realizarán a entrevista, os 5 primeiros candidatos que conseguiran a mellor puntuación na Valoración de Méritos (Anexo III) e que cumpran con todos os requisitos para este posto. Os candidatos propostos para a entrevista que non acrediten o coñecemento do galego e/ou inglés serán convocados ademais a unha/s proba/s consistentes na tradución de galego e/ou inglés a castelán dun texto técnico da área cuxa valoración será APTO ou NON APTO.
3. A entrevista que non superará os quince minutos, terá unha valoración máxima de 3 puntos e versará sobre:
 - Perfil do candidato
 - Complementos do currículum vitae
 - Idoneidade do candidato para o posto
 - Disponibilidade de incorporación
 - Contraste de coñecementos
 - Expresión oral

No caso de empate entre dous ou máis candidatos será admitida a muller de conformidade ao disposto no artigo 37.1 da lei 7/2004 de Galicia, e de persistir o empate, prevalecerá a orde alfabética iniciándose pola letra establecida na resolución da Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 29 de xaneiro de 2008 (DOG do 5 de febreiro)

Contra este acordo, os aspirantes que o consideren oportuno poderán presentar reclamación diante da comisión no prazo de cinco días naturais contados a partir do seguinte ao da súa exposición.

8. Resolución

Unha vez finalizado todo o proceso anterior, a comisión de selección publicará a través da páxina web da SAX CESGA (www.cesga.es), o nome da persoa seleccionada para o posto. Así mesmo, para este posto, e co fin de determinar



**S.A.X. Centro de
Supercomputación de Galicia
Bases Técnico Proyecto
Ref: Mancomun08-Tec-4-SL-08**

posibles substitucións, a comisión elaborará unha lista de espera entre os solicitantes presentados á entrevista e que non resultasen beneficiarios do posto. Farase constar o prazo de incorporación da persoa seleccionada, así como a documentación complementaria que deberán achegar para formalizar o contrato. O contrato temporal será por obra ou servizo determinado, suxeito ao período de proba regulado no artigo 14 do Estatuto dos Traballadores, actuando como órgano de contratación da SAX CESGA o seu Presidente, acto para o que está facultado en virtude da inscrición do seu nomeamento no Rexistro Mercantil con data 22 de novembro de 2005, rexistro de entrada nº 1/2005/10464, diario 78 Asiento 9509.

Santiago de Compostela, 8 de xullo de 2008

Javier García Tobío
Director-Xerente
S.A.X. Centro de Supercomputación de Galicia

ANEXO I

MODELO DE SOLICITUDE

1.- SOLICITANTE		
Apelidos:	Nome:	
DNI:		
Dirección particular (rúa, etc.):		Nº
Localidade:	Provincia:	CP:
Tfno.:	e-mail:	

2.- DATOS ANUNCIO	
Referencia anuncio:	
Fecha publicación anuncio:	

3.- DOCUMENTACIÓN	
Currículum Vitae: <input type="checkbox"/>	
Documento de méritos: <input type="checkbox"/>	
Copia DNI: <input type="checkbox"/>	
Copia Titulación: <input type="checkbox"/>	
Copia Certificado CELGA4 ou título de perfeccionamento en lingua galega: <input type="checkbox"/>	
Copia dos xustificantes dos méritos alegados: <input type="checkbox"/>	
Solicita recoñecemento da aptitude en Lingua Galega de convocatorias anteriores da S.A.Xestión CESGA: <input type="checkbox"/>	
Outra documentación:	

DECLARACIÓN XURADA:

O abaixo asinante declara baixo xuramento non padecer enfermidade ou defecto físico que lle impida desempeñar as funcións correspondentes ao posto de traballo da praza á que opta, e non estar separado do servizo de ningunha Administración pública en virtude de expediente disciplinario, nin atoparse inhabilitado por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas.

"De conformidade co establecido na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, o interesado queda informado e presta o seu consentimento expreso e inequívoco á incorporación dos seus datos aos ficheiros automatizados existentes na SAX CESGA e ao tratamento dos mesmos para esta convocatoria de prazas, incluíndo a publicación das listas na WEB do CESGA."

Solicita a participación no proceso de selección convocado pola SAX CESGA e referenciado no punto 2 desta solicitude.

Santiago de Compostela, de de 2008

Fdo.:

**DIRECTOR XERENTE
SAX CESGA CESGA
Avda. de Vigo, s/n (Campus Sur)
15705 Santiago de Compostela (A Coruña)**

ANEXO II

COMISIÓN DE SELECCIÓN:

1 .-A comisión de selección estará formada por:

- a) Presidente: Administrador e-Business
- b) Vocais:
 - Administradora Teleensino da S.A.X. CESGA
 - Asesor Externo da Consellería de Innovación e Industria.

O Presidente da Comisión, en caso de necesidade, poderá nomear suplentes. A Comisión poderá nomear asesores expertos, os cales limitaranse ao exercicio das súas respectivas especialidades e colaborarán coa comisión con base exclusivamente nas mesmas.

En todo caso, a S.A.X. CESGA procurará a paridade entre mulleres e homes na designación da comisión de acordo co establecido no artigo 36 da lei 7/2004.

2 .-Os membros da comisión absteranse de intervir, notificándollo ao presidente, cando concorran neles circunstancias das previstas no artigo 28 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou que realizen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria.

O presidente poderá solicitar aos membros da comisión declaración expresa de non atoparse incurso nas causas sinaladas de abstención.

Os aspirantes poderán recusar aos membros da comisión de selección cando concorran as circunstancias previstas na presente base.

3 .-Para actuar validamente a comisión, requirirase a presenza in situ ou por videoconferencia de todos os seus membros.

As decisións da comisión de selección adoptaranse por maioría dos membros presentes no momento da votación e en caso de empate resolverá o voto de calidade do presidente da comisión de selección.

4 .-Para efectos de comunicación e demais incidentes, a comisión terá como sede as oficinas da S.A.X. CESGA sitas na Avenida de Vigo, s/n (Campus Universitario Sur)
- 15705 Santiago de Compostela.

ANEXO III

1. Baremo Valoración de Méritos:

Requiridos

Méritos	Criterios de valoración	Puntos máximos
Experiencia mínima de 6 meses en administración/mantemento de aplicacións baseadas en contornos LAPP (GNU/Linux, Apache, PostgreSQL e PHP/Python)	0,25 puntos por mes traballado e aplicación	12
Experiencia mínima de 6 meses en administración de sistemas Debian GNU/Linux ou baseados en Debian	0,1 puntos por mes traballado	3
TOTAL		15

Valorados

Méritos	Criterios de valoración	Puntos máximos
Coñecementos en administración/mantemento de servizos de correo en Software Libre (correo+antispam+mailman+antivirus)	0,1 puntos por mes de participación	3
Coñecementos de tecnoloxías web: HTML, CSS, javascript, accesibilidade, XML/XSL, ...	0,25 puntos por tecnoloxía	1
Coñecementos de Linguaxes de programación Java, Perl, C/C++, ...	0,25 puntos por linguaxe	1
Coñecementos das ferramentas Gforge, SVN, CVS, Perforce, Bazaar, ...	0,5 puntos por ferramenta	2
Outras ferramentas de desenvolvemento colaborativo: trac, kforge, ...	0,5 puntos por ferramenta	2
Coñecementos en actividades de difusión como relatorios/eventos...	0,25 puntos por actividade	1
TOTAL		10

2. **COÑECEMENTOS DE INGLÉS:** Máximo 3 puntos. Acreditados e/ou certificados segundo a seguinte táboa ou outro tipo de acreditación/certificación equivalente atendendo á escala de Eurocentres:

INGLÉS	PUNTUACIÓN
Cursos no estranxeiro (0,25 por cada 15 horas)	1,25 puntos
P.E.T. (Preliminary English Test)	1,50 puntos
1º e 2º curso da EOI	1,50 puntos
F.C.E. (First Certificate in English)	2,00 puntos
C.A.E. (Certificate Advanced English)	2,50 puntos
3º e 4º curso da EOI	2,50 puntos
5º curso da EOI	3,00 puntos
C.P.E. (Certificate of Proficiency in English)	3,00 puntos

ANEXO IV

Requisitos esixidos. (A non demostración da concorrencia deste apartado implica a exclusión do proceso selectivo)

Experiencia mínima de 6 meses en administración/mantemento de aplicacións baseadas en contornos LAPP (GNU/Linux, Apache, PostgreSQL e PHP/Python) 0,25 puntos por mes traballado e por aplicación. (máximo 12 puntos)		
Descrición do traballo realizado e aplicación	Duración en meses	Puntos
1.		
2.		
3.		
4.		
5.		
6.		
7.		

Experiencia mínima de 6 meses en administración de sistemas Debian GNU/Linux ou baseados en Debian. 0,1 puntos por mes traballado. (máximo 3 puntos)		
Descrición do traballo realizado e S.O.	Duración en meses	Puntos
1.		
2.		
3.		
4.		
5.		

Méritos Valorados

Coñecementos en administración/mantemento de servizos de correo en Software Libre (correo+antispam+mailman+antivirus). 0,1 puntos por mes de participación. (máximo 3 puntos)		
Descrición da tarefa realizada	Duración en meses	Puntos
1.		
2.		
3.		
4.		
5.		

Coñecementos de tecnoloxías web: HTML, CSS, javascript, accesibilidade, XML/XSL, 0,25 puntos por tecnoloxía (máximo 1 punto)		
1.		
2.		
3.		
4.		

Coñecementos de linguaxes de programación Java, Perl, C/C++, ... 0,25 puntos por linguaxe (máximo 1 punto)		
1.		
2.		
3.		
4.		

Coñecementos das ferramentas Gforge, SVN, CVS, Perforce, Bazaar, ...
0,5 puntos por ferramenta (máximo 2 puntos)

1.

2.

3.

4.

Outras ferramentas de desenvolvemento colaborativo: trac, kforge, ...
0,5 puntos por ferramenta (máximo 2 puntos)

1.

2.

3.

4.

Coñecementos en actividades de difusión como relatorios/eventos...
0,25 puntos por actividade (máximo 1 punto)

1.

2.

3.

4.



Coñecementos de inglés:

Curso ou certificación de INGLÉS (máximo 3 puntos)
1.
2.
3.
4.
5.